

RESOLUCIÓN do 23 de novembro de 2016, do tribunal nomeado para a selección dunha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria, convocada por resolución do 21 de setembro de 2016 (DOG núm 186, do 29 de setembro), pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos coas puntuacións provisionais de méritos dos aspirantes admitidos

En sesión que tivo lugar o día 23 de novembro de 2016, o tribunal nomeado por Resolución do 13 de outubro de 2016 (DOG núm 201, do 21 de outubro) para a selección dunha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria, á vista das alegacións presentadas ás listaxes provisionais de admitidos e excluídos publicadas na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (www.acis.sergas.es) e no taboeiro de anuncios da mesma en data 10 de novembro de 2016,

ACORDOU:

Aprobar e facer públicas as listaxes definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos coas puntuacións provisionais de méritos dos aspirantes admitidos. Dita listaxe publicarase na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (www.acis.sergas.es) e no taboeiro de anuncios da mesma.

De acordo co disposto na base 6.2. da convocatoria, os/as aspirantes admitidos disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para facer as alegacións que estimen oportunas con respecto á valoración provisional de méritos.

Santiago de Compostela, a 23 de novembro de 2016

Luis Ángel León Mateos

Presidente do tribunal